

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**BIOLOXÍA HUMANA E SAÚDE**

**curso 2017-18**

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

Nome da materia	Bioloxía humana e saúde
Código	381 010 602 0
Curso	2º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Ciencias da Saúde

**I.1. Profesora/Profesor coordinador:** Olivia Estévez Martínez

Profesoras	Créditos (A, P ou V)	Horario tutorías	Lugar de Impartición	Lingua
Mercedes Peleteiro Olmedo	1,5 A	Martes de 19:45-8:15	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	Castelán
Olivia Estévez Martínez	1,5 A	Martes de 19:45-8:15	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I.2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia:**

Coñecer algunhas nocións de Bioloxía facilitaríala o seguimento da materia.

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO**

Un dos obxectivos do Ciclo Intensivo do Programa de Maiores é ofrecerlle ao alumnado coñecementos tanto de tipo científico como cultural.

Neste campo tan amplo, a materia de “Bioloxía humana e saúde” pode aportar información complementaria ao alumnado no campo da Biomedicina xa que será un tema non abordado previamente no programa. Nesta materia tratarase o funcionamento do corpo dende o nivel celular ata unidades máis complexas como son os aparatos e sistemas, así como as patoloxías máis frecuentes asociadas a cada un deles. Así mesmo intentarase que expertos no campo asistan ás clases para impartir seminarios de temas de actualidade no campo da Biomedicina.

Trátase dunha materia cun papel fundamental na formación do alumnado, xa que para a meirande parte será a máis relacionada coa saúde da que disfrutarán en todo o programa. Por tanto, debe ter un carácter básico entanto á profundidade de coñecementos, pero de amplo contido global.

### III.- OBXECTIVOS XERAIS

Por unha banda, preténdese ofrecer unha plataforma onde o alumnado poida adquirir, ampliar e/ou renovar os seus coñecementos e habilidades, compartíndoos e intercambiándoos cos seus profesores e compañeiros.

Preténdese que o alumnado adquira coñecementos xerais sobre o funcionamento do corpo humano, tratando un a un cada un dos aparatos e sistemas que forman o corpo así como a interacción entre eles. Con isto intentarase que os alumnos poidan comprender un pouco mellor a gran complexidade da Fisioloxía humana, o cal proporcionaralles unha base para poder entender moitas das patoloxías existentes tan coñecidas por todos.

Ademais da parte teórica impartida polo profesorado, haberá seminarios de actualidade impartidos por expertos durante algunhas das clases, co cal se busca que o alumnado coñeza algunhas das novidades no campo da Biomedicina. Así mesmo, a materia inclúe unha parte práctica, onde o alumnado defenderá un caso práctico relacionado con distintas patoloxías, co que se pretende que aprenda a manexar as diferentes fontes ao seu alcance na procura de información, comprenda e sintetice o máis relevante, e poida presentar e intercambiar coñecementos cos compañeiros.

Todo isto permitirá que o alumnado adquira coñecementos no campo da saúde que lle axudarán a interpretar mellor á hora de ler, ver ou escoitar información relacionado co tema da saúde nos medios de comunicación e outros.

### IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase do alumnado que:

- Adquiran uns coñecementos básicos e actuais no campo da Bioloxía da saúde para entender a Fisioloxía humana.
- Cos coñecementos adquiridos e as guías pertinentes por parte do profesorado, preténdese que poidan resolver cuestións enfocadas a diferentes patoloxías.
- Ser capaces de interpretar aquela información no campo da Biomedicina que chegue ata eles a través dos medios de comunicación.
- Adquiran habilidades na procura de información e o recoñecemento de fontes fiables e estímuloos para que lean e consigan estar actualizados no tema tras ter finalizado o curso.

### V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	20	0	1	20	40	1,6
Prácticas	8	0	3	24	32	1,2
Probas de avaliación	2	0	1,5	3	5	0,2
<b>Total</b>	<b>30</b>	<b>0</b>		<b>47</b>	<b>77</b>	<b>3</b>

### VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

#### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	A CÉLULA. Como está formada e como funciona unha célula. O ADN como molde	1h

	para a síntese de proteínas. Ciclo celular e procesos de división celular: mitose e meiose. Envellecemento celular.	
2	ORGANIZACIÓN CELULAR DO CORPO HUMANO. Principais tipos de tecidos: como funcionan e como se relacionan para dar lugar a estruturas máis complexas.	1h
3	APARATO LOCOMOTOR. Estrutura do aparato locomotor e funcións dos osos, músculos e articulacións. Enfermidades asociadas: Artrite, osteoporoses, esguince de nocello, fracturas e outras patoloxías.	1h
4	A PEL. Como está formada e que funcións cumpre. Enfermidades asociadas.	1h
5	APARATO RESPIRATORIO. Anatomía do aparato respiratorio. Función pulmonar. Intercambio gasoso e respiración celular. Patoloxías asociadas.	1h
6	SISTEMA CARDIOVASCULAR. Esquema xeral do sistema cardiovascular. Como funciona o corazón. O sangue: compoñentes e funcións. Tipos de vasos. Patoloxías asociadas.	40min
7	SISTEMA LINFÁTICO. Esquema xeral e funcións do sistema linfático.	20min
8	APARATO DIXESTIVO. Como está composto e as funcións que realiza. Patoloxías asociadas ó aparato dixestivo.	1h
9	APARATO EXCRETOR. Anatomía do aparato excretor, composición e función dos riles. Enfermidades asociadas ó aparato excretor.	1h
10	SISTEMA ENDOCRINO. Estrutura xeral, funcións que desempeña na regulación e control do organismo. Fallos do sistema e enfermidades que provoca.	1h
11	SISTEMA NERVIOSO. Organización e compoñentes, función e aspecto básico do seu funcionamento. Patoloxías asociadas.	1h
12	SISTEMA INMUNITARIO. Descrición. Compoñentes. Mecanismos de defensa. Patoloxías.	2h
13	APARATO REPRODUTOR. O aparato reprodutor masculino e feminino: estrutura e funcións. Patoloxías asociadas.	2h
14	CÁNCER E INMUNOTERAPIA	2h
15	VACINAS	2h
16	NANOTECNOLOXÍA	2h

### Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
	Presentación de traballos polo alumnado	8h
	Debate	2h

### Bibliografía básica

- Silverthorn. Fisiología Humana-Un enfoque integrado. 4ª Edición. Panamericana. 2008
- Tresguerres J. F.. Fisiología humana. 4ª Edición. McGraw-Hill, 2010.
- Fox S. I.. Fisiología humana. 12ª Edición. McGraw-Hill, cop. 2011
- S. de Castro del Pozo. Manual de Patología General. 6ª Edición. MASSON. 2006
- Esteller A., Cordero M.. Fundamentos de Fisiopatología. MacGraw-Hill Interamericana. 1998
- García-Conde, J. Patología general: Semiología clínica y Fisiopatología. 2ª Edición. McGraw-Hill, Cop. 2004

### Bibliografía complementaria

- De Kruif P. Cazadores de microbios. Porrua. 2006
- Austad S. N.. Por qué envejecemos. Paidós Iberica. 1998

## **VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

**Clases:** A docencia basearase en clases de teoría nas que o profesorado explicará as bases do funcionamento de cada un dos aparatos e sistemas con a axuda de presentacións de Power Point. Ademais impartiranse temas de actualidade no campo da biomedicina. Utilizarase a Plataforma Tema e o correo electrónico como sistema de comunicación e contacto cos alumnos.

**Prácticas:** O alumnado traballará no desenvolvemento dunha serie de cuestións relacionadas con patoloxías relativas ós sistemas biolóxicos impartidos polo profesorado. Posteriormente farase unha exposición en clase. A última sesión do curso consistirá nun debate sobre un tema de actualidade relativo á saúde.

## **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

A avaliación final terá en conta:

1. A asistencia e aproveitamento das clases (obligatorio). Cun 80% de asistencia o alumno obterá un aprobado (5 sobre 10) na materia.
2. Exame final. Este exame poderá chegar a sumar ata 3 puntos sobre os 5 puntos obtidos pola asistencia.
3. Traballo obligatorio de temas relacionados coa materia. Este traballo avaliarase sobre 2 puntos que se sumarán ós obtidos da asistencia e o exame. Un punto corresponde ó traballo escrito e 1 punto á presentación oral, que será voluntaria.

## **IX.- OBSERVACIÓNS**

Este programa estará suxeito a posibles modificacións dependendo do número e interese dos alumnos e poderá ser alterado por temas actualidade.